

FESTA DA SAGRADA FAMILIA. 26 DE DECEMBRO DE 2021

ECOEVANXEO

Catequese Ecosocial desde o Evanxeo do Domingo



Español, Gallego, Inglés,
Francés, Italiano, Portugués.



SITUACIÓN

**Que significado lle dou a ter unha casa, unha familia?
Teño sentido de pertenza á miña casa, á miña familia?
Síntome corresponsable do seu coidado?**

As expresións “casa” e “familia” utilizámola algunhas veces como sinónimos, aínda que tamén establecemos diferenzas. Cando dicimos familia pensamos nos que habitan dentro da casa, os que comparten o mesmo teito. A casa pode ser familia se nese espazo compartido se favorece a relación interpersonal e se constrúen lazos inquebrantables de amor e compromiso mutuo.

EVANXEO

Lc 2, 41-52

Os seus pais adoitaban ir cada ano a Xerusalén pola festa da Pascua. Cando fixo doce anos, subiron á festa segundo o costume e, cando terminou, volvéronse; pero o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que ooubesen os seus pais. Estes, crendo que estaba na caravana, andaron o camiño dun día e puxéronse a buscalo entre os parentes e coñecidos; ao non atopalo, volvéronse a Xerusalén buscándoo.

E sucedeu que, aos tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos mestres, escoitándoos e facéndolles preguntas. Todos os que o oían quedaban asombrados do seu talento e das respostas que daba. Ao velo, quedaron atónitos, e díxolle a súa nai: «Fillo, por que nos trataches así? O teu pai e mais eu buscabámoste angustiados». El contestoulles: «Por que me buscades? Non sabíades que eu debía estar nas cousas de meu Pai?». Pero eles non comprenderon o que lles dixo.

El baixou con eles e foi a Nazaré e estáballes suxeito. A súa nai conservaba todo isto no seu corazón. E Xesús ía crescendo en sabedoría, en estatura e en graza ante Deus e ante os homes.

“RESPECTAR E COIDALA CASA COMÚN É UNHA NOVA MANEIRA DE AMAR A DEUS”



REFLEXIÓN

Coa súa encarnación, o Fillo de Deus entra na nosa casa, integra a nosa familia universal. Certamente Xesús, xunto aos seus pais, tivo o seu espazo familiar concreto, e alí aprendeu sen dúbida, o significado amplo de ser familia. A familia de Nazaré é o modelo das familias, non porque non tiveron dificultades, senón porque, segundo o relata o Evanxeo, viviron unidos co lazo do amor e da fe profunda en Deus, expresado na relación interpersonal afectiva e respectuosa entre eles. Mirando á Sagrada Familia podemos resignificar o valor por nosa casa-familia. É nela onde nacemos, crecemos e chegamos a ser adultos ata que formamos a nosa propia familia. Aí foi onde aprendemos as leccións fundamentais da vida sobre a liberdade, o amor, a felicidade e o éxito. E todo iso é un agasallo que temos que agradecer e protexer.

A festa deste domingo tamén nos invita a reflexionar na “casa común” que alberga a familia que a habitamos, como o expresa a encíclica *Laudato Sí*: “sendo creados polo mesmo Pai, todos os seres do universo estamos unidos por lazos invisibles e conformamos unha especie de familia universal, unha sublime comunión que nos move a un respecto sagrado, cariñoso e humilde” (LS 89). A casa de Adán e Eva era o xardín do Edén. Esa foi a primeira gran casa-familia de todos. Este xardín era a casa común, o espazo de felicidade e interrelación entre todos os seres vivos creados. Así tamén, Cultivar e coidar a terra (Xén 2,15) é o primeiro mandato dado por Deus para o benestar de todos na familia universal.

Como cristiáns estamos chamados a recoñecer que temos unha casa común herdada. É o planeta Terra. A nosa familia estendida é a Creación de Deus, á que lle debemos respecto e coidado, como di o subtítulo mesmo da encíclica *Laudato Sí*: sobre o coidado da casa común. E é, na familia, onde se cultivan os primeiros hábitos de amor e coidado da vida, por exemplo o uso correcto das cousas, a orde e a limpeza, o respecto ao ecosistema local e a protección de todos os seres creados (Cfr. LS 213).

COMPROMISO

Podemos revisar a nosa disposición para coidar e protexer a nosa casa-familia, comezando co aspecto externo. Isto tamén ten que ver coa disciplina e personalidade, que favorecen as nosas relacións na casa. Podémonos apoiar coas seguintes preguntas, unhas relacionadas á casa da nosa familia concreta e outras á nosa casa común, a Terra: Códoas con moito esmero? Dedicolle tempo para limpala? Embelezoa con detalles?

Que quero facer para mellorar no seu coidado?

ORACIÓN

Neno Xesús que medraches na túa familia de Nazaré, bendí a nosa familia, regular e fráxil. Axúdanos a atopar o tesouro escondido en cada integrante da nosa familia. Recórdanos que a Creación é agasallo do Pai (LS 220), é a nosa familia estendida. Axúdanos a coidala.

Hna. Gladys De la Cruz HCJC. - Dn. Dr. Saju George SVD. - Traducción: Hno. José F. Reboiras FMS.